

# TEATRO DE OUTONO

CARRAL - 2025



## INFORME DE AVALIACIÓN

Carlos Lorenzo Pérez  
Técnico de Cultura  
Xanra 2026



## PRESENTACIÓN

Seguindo a pauta iniciada no 2020 de elaborar un informe de avaliación da principal programación municipal de artes escénicas, confeccionase o presente documento que nos permitirá ollar o conxunto de datos cos que obter conclusións que permitan a mellora da exhibición teatral en Carral.

Mantemos as pretensións de que este informe sexa útil para a toma de decisións na planificación das futuras programacións observando o detalle dos obxectivos acadados e das metas aínda pendentes de obter. Ao mesmo tempo temos confirmado o interese que esperta no sector teatral galego este tipo de avaliacións, tirándose delas tamén conclusións que lle resultan de proveito.

O departamento de Cultura leva anos a traballar con **pautas de programación** que lle permitan:

- Fomentar a adquisición de hábitos culturais na poboación.
- Fomentar o coñecemento e o disfrute do teatro, con especial consideración cara o teatro galego.
- Animar á práctica e á creación cultural, neste caso nas artes escénicas.
- Facilitar un tempo de lecer de calidade, formador e que anime o sentido crítico na poboación.

Tendo en conta as características socioculturais locais e os niveis desexables de mellora, **a programación teatral confecciónase cos seguintes criterios:**

- Selección de obras que resulten atractivas para o público xa habitual dos ciclos escénicos e para quen carece do hábito de consumo teatral. Análise dos principais valores de produción.
- Espectáculos que aporten coñecemento, transmitan valores sociais e culturais e fomenten o uso da lingua galega.
- Confección da programación con diferentes xéneros, estéticas e linguaxes escénicas.
- Prioridade ás producións galegas.
- Adaptables ao espazo escénico que dispoñemos (Local Xente Nova en Tabeaio).
- Obras preferentemente contrastadas na súa calidade ou de compañías de prestixio recoñecido.
- Que fomenten a igualdade entre homes e mulleres.
- Con cachés axustados ás condicións orzamentarias coas que dispón o Concello de Carral e preferentemente incluídas na Rede Cultural da Deputación da Coruña.
- Evitar repetir a curto prazo a escolla das mesmas compañías, propiciando a contratación e subsistencia do maior número posible de empresas teatrais galegas.

- Valorar moi polo miúdo o nivel de risco na escolla de espectáculos menos convencionais e dirixidos a públicos máis especializados. Facelo desde a responsabilidade da xestión do diñeiro público, da creación de públicos e da defensa da diversidade cultural e dos xéneros minoritarios.

Vistas estas consideracións, avanzamos na análise cos datos dos próximos apartados.



## PROGRAMA

O ciclo Teatro de Outono de Carral 2025 contou coa seguinte programación:

3 de outubro	<i>As gardiás ou o nó do teceleán</i>	Teatro de Ningures
10 de outubro	<i>Neura</i>	De Ste Xeito Producións
17 de outubro	<i>As damas de Ferrol</i>	Teatro do Noroeste
24 de outubro	<i>As formas do amor</i>	Verdeveras Expresións Artísticas
31 de outubro	<i>Tolóptica</i>	Código Azul
7 de novembro	<i>O único que verdadeiramente quixen toda a vida é ser delgada</i>	Butacazero
14 de novembro	<i>Cortello de amor</i>	Amorodio Teatro
21 de novembro	<i>Desexo</i>	Talía Teatro
28 de novembro	<i>Compañía</i>	Xampatito Pato

Como novidade na edición do 2025 de Teatro de Outono de Carral incluíuse no cartel anunciador e no rollup presente nas dependencias municipais e na propia sala de exhibición, un QR que dirixía a una páxina da web do Concello de Carral que contiña información completa dos espectáculos, facilitando así o acceso á información e evitando o uso de papel na impresión de folletos. A páxina é <https://carral.es/teatro-de-outono-2025/>

# TEATRO DE OUTONO

## CARRAL



### Local Xente Nova de Taboaro

#### AS GARDIÁS OU O NÓ DO TECELÁN

Teatro de Ningures

venres 3 de outubro - 20:30 h.

Idades recomendadas: maiores de 12 anos

#### NEURA

De Ste Xeito Producións

venres 10 de outubro - 20:30 h.

Idades recomendadas: maiores de 12 anos

#### AS DAMAS DE FERROL

Teatro do Noroeste

venres 17 de outubro - 20:30 h.

Idades recomendadas: maiores de 12 anos

#### AS FORMAS DO AMOR

Verdeveras expresións Artísticas

venres 24 de outubro - 20:30 h.

Idades recomendadas: maiores de 12 anos

#### TOLOPTICA

Código Azul

venres 31 de outubro - 20:30 h.

Idades recomendadas: maiores de 12 anos

#### O ÚNICO QUE VERDADEIRAMENTE QUIXEN TÓDA A VIDA É SER DELGADA

Butacazero

venres 7 de novembro - 20:30 h.

Idades recomendadas: maiores de 12 anos

#### CORTELLO DE AMOR

Amorodio Teatro

venres 14 de novembro - 20:30 h.

Idades recomendadas: maiores de 12 anos

#### DESEXO

Talia Teatro

venres 21 de novembro - 20:30 h.

Especialmente recomendada para a sociedade (maior de 12 anos)

#### COMPAÑA

Xampatiño Pato

venres 28 de novembro - 20:30 h.

Para todos os públicos



REDE CULTURAL



Máis información:  
<https://carral.es/teatro-de-outono-2025/>



## METODOLOXÍA

Os datos cos que se confecciona este informe obtivéronse mediante:

- enquisas cubertas por asistentes aos espectáculos
- datos de contratación e de facturación de dereitos de autor por parte da SGAE
- observación directa

Das primeiras recolléronse datos relativos á satisfacción do público coas obras, idades e lugares de procedencia (parroquias de Carral e municipios veciños). O cuestionario podíase atender accedendo mediante un código QR dispoñible por diferentes lugares da sala.

A enquisa tiña unha segunda parte que cada persoa podía atender nunha única ocasión. Recollía información sobre hábitos de consumo teatral e sobre aspectos xerais do ciclo Teatro de Outono.

Cos datos de contratación e facturación de dereitos de autor -na data de elaboración desta memoria aínda non foran facturados os dereitos de autor dalgunhas das obras- elaboramos o resumo económico do programa. Mediante a observación directa atendemos a información sobre os índices que se asignarían na valoración sobre igualdade de xénero.

Os resultados ofrécese en táboas e gráficos que permitan unha doada e rápida interpretación dos datos. Desagregaremos datos por funcións e calcularanse os globais e porcentaxes. No último apartado do informe achéganse as fichas de avaliación por espectáculo cos datos recollidos dos espectadores que atenderon os cuestionarios.




## DATOS

En primeiro lugar ofrecemos datos de asistencia, tanto por obra como o total e por xénero:


<b>Asistencia de público por espectáculo</b>			
	<b>Total</b>	<b>Homes</b>	<b>Mulleres</b>
As gardiás ou o nó do tecelán	79	31	48
Neura	91	35	56
As damas de Ferrol	103	31	72
As formas do amor	104	30	74
Tolóptica	49	19	30
O único que verdadeiramente quixen toda a vida...	98	24	74
Cortello de amor	85	24	61
Desexo	94	25	69
Compañía	51	20	31
<b>TOTAL</b>	<b>754</b>	<b>239</b>	<b>515</b>
<b>%</b>	<b>100%</b>	<b>32%</b>	<b>68%</b>
<b>MEDIA DE ASISTENCIA</b>	<b>84</b>	<b>27</b>	<b>57</b>

Fonte: elaboración propia



Fonte: elaboración propia

### % mulleres e homes asistentes




Fonte: elaboración propia

Facendo un seguimento dos niveis de asistencia aos espectáculos desta programación teatral, apúntanse a continuación as medias de asistencia desde 2017:

Media de asistentes en Teatro de Outono	
Edición	Media
2017	65
2018	62
2019	67
2020	53
2021	73
2022	109
2023	117
2024	96
2025	84

Fonte: elaboración propia

### Evolución da media de asistencia




Fonte: elaboración propia

A evolución no número de espectáculos incluídos no programa Teatro de Outono de Carral sofre un descenso este ano ao non incluír espectáculos de Galicreques e de teatro amateur.

<b>Nº espectáculos en Teatro de Outono</b>	
<b>Edición</b>	<b>Nº</b>
2017	7
2018	6
2019	9
2020	8
2021	8
2022	10
2023	9
2024	12
2025	9

Fonte: elaboración propia



Fonte: elaboración propia


A continuación achegamos información dos custos da contratación de cada espectáculo. Así, resumimos na seguinte táboa os datos referidos a caché, equipamento técnico que se lle contrata a cada compañía e os dereitos de autor facturados pola SGAE se é o caso. Todos os importes inclúen o IVE correspondente. Hai que indicar que se presentan importes dos dereitos de autoría xa facturados pola SGAE. Resulta probable que ao longo do 2026 facturen os dereitos pendentes.

Para entender mellor algúns dos seguintes datos aclaramos que a obra *As damas de Ferrol* contou cun caché bonificado debido a que a compañía beneficiouse dunha subvención de axuda á distribución. Por outra banda *Tolóptica* de Código Azul foi unha obra proposta pola Deputación da Coruña na súa programación Outono das Artes, o cal non supuxo custo para o Concello de Carral.

Espectáculo	Caché	Técnica	SGAE	Subtotal €
As gardiás ou o nó do tecelán	4.598,00	484,00	53,63	5.135,63
Neura	2.500,00	250,00	151,25	2.901,25
As damas de Ferrol	2.350,00	0		2.350,00
As formas do amor	2.600,00	700,00		3.300,00
Tolóptica	0	0	0	0
O único que verdadeiramente quixen toda a ...	2.420,00	760,00	53,63	3.233,63
Cortello de amor	2.394,74	500,00	53,63	2.948,37
Desexo	1.990,00	0	53,63	2.043,63
Compañía	2.057,00	1.210,00		3.267,00
<b>Total</b>	<b>20.909,74</b>	<b>3.904,00</b>	<b>365,77</b>	<b>25.179,51</b>

Fonte: elaboración propia

### Custo total por espectáculo




Fonte: elaboración propia

Presentamos datos a continuación tendo en conta o gasto e a asistencia de público por cada espectáculo, podemos obter o resultado do investido polo Concello de Carral en cada asistente, considerando só os gastos relacionados á contratación de cada compañía. Faremos un cálculo semellante mais teremos en conta o total de habitantes no municipio (6.840 hab.), dato que indica o IGE para o ano 2025.

Espectáculo	Gasto	Asistentes	€ / asistente	€/habitante
As gardiás ou o nó do tecelán	5.135,63	79	65,01	0,75
Neura	2.901,25	91	31,88	0,42
As damas de Ferrol	2.350,00	103	22,82	0,34
As formas do amor	3.300,00	104	31,73	0,48
Tolóptica	0,00	49	0,00	0,00
O único que verdadeiramente quixen ...	3.233,63	98	33,00	0,47
Cortello de amor	2.948,37	85	34,69	0,43
Desexo	2.043,63	94	21,74	0,30
Compañía	3.267,00	51	64,06	0,48

Fonte: elaboración propia




Fonte: elaboración propia

Como xa se ven realizando desde anteriores edicións deste ciclo, solicítase a participación do público para que atendan unha enquisa que se pon a disposición en papel na sala e tamén en liña. Traballando cos datos dos cuestionarios, que foron contestadas por un 32,36% do total de asistentes, o que supón **un total de 244 cuestionarios atendidos** cando menos no seu apartado sobre a obra correspondente á enquisa - lembramos que había unha segunda parte sobre hábitos de consumo teatral que só se debía contestar nunha ocasión pola mesma persoa-.

<b>Cuestionarios atendidos para valoración das obras</b>			
	Asistentes	Respostas	%
As gardiás ou o nó do tecelán	79	26	32,9
Neura	91	22	24,2
As damas de Ferrol	103	25	24,3
As formas do amor	104	32	30,8
Tolóptica	49	18	36,7
O único que verdadeiramente quixen toda...	98	36	36,7
Cortello de amor	85	27	31,8
Desexo	94	30	31,9
Compañía	51	28	54,9
TOTAL	754	244	-
%	100%	32,36%	-

Fonte: elaboración propia


### % asistentes que responderon a enquisa



Fonte: elaboración propia

Obsérvase que se mantén a tendencia de que **o conxunto dos cuestionarios foi atendido maioritariamente polo espectadores con idades de entre 41 e 65 anos**, o que ven sendo un reflexo do grupo que maioritariamente asiste ás funcións.

### Idades das persoas que contestaron as enquisas




Fonte: elaboración propia



Sobre a puntuación que os espectadores lle concederon a cada espectáculo, ofrecemos a seguinte táboa e gráfica:

Espectáculo	Puntuación
As gardiás ou o nó do tecelán	4,5
Neura	4,9
As damas de Ferrol	4,3
As formas do amor	4,7
Tolóptica	3,9
O único que verdadeiramente quixen toda...	4,4
Cortello de amor	4,9
Desexo	4,5
Compañía	4,8
<b>Puntuación media</b>	<b>4,5</b>

Fonte: elaboración propia



Fonte: elaboración propia

Formulábenselle 4 preguntas sobre a súa valoración das obras:


- Que puntuación lle concede á obra?
- Recomendaríalle esta obra ás súas amizades?
- Que 2 aspectos lle gustaron máis da obra?
- Cal foi o nivel de dificultade para entender a obra?

Outras preguntas atinxen ao seu grupo de idade, xénero e sobre o lugar de procedencia, ofrecendo a posibilidade de facer algún comentario ou suxestión.

Como anexos a este informe incorpóranse as fichas de avaliación resultantes das respostas do público.

Resumimos a continuación os principais datos obtidos, comezando polas puntuacións concedidas (do 1 ao 5) a cada espectáculo:

### Puntuación dos espectáculos




Fonte: elaboración propia

Cando se pediu valorar se recomendarían a obra ás amizades, os resultados en porcentaxe de respostas afirmativas foron os seguintes:

Recomendación das obras (% que SI recomenda)	
As gardiás ou o nó do tecelán	88%
Neura	100%
As damas de Ferrol	88%
As formas do amor	97%
Tolóptica	67%
O único que verdadeiramente quixen toda...	92%
Cortello de amor	100%
Desexo	97%
Compañía	100%

Fonte: elaboración propia

### % que SI recomendaría a obra




Fonte: elaboración propia

Tendo en conta as respostas do público, podemos facer un cómputo total das valoracións dos aspectos que máis gustaron das obras presentadas no ciclo:

<b>Valoración xeral aspectos das obras</b>	
O que contaba (texto)	138
Interpretación dos actores e actrices	204
Posta en escena	102
Música	36
Que me fixo rir	99
Que me fixo chorar	4
Ningún	2

Fonte: elaboración propia



Fonte: elaboración propia


Sempre estes resultados consideráremolos con prudencia xa que non todos os espectáculos teñen o mesmo nivel de características en cada un dos aspectos preguntados. Si que serven quizais para obter conclusións sobre os aspectos mellor considerados. Mantense como en anos anteriores, que o mellor valorado polo público son as actuación dos actores e actrices.

Preguntóuselle aos espectadores sobre o nivel de dificultade que tiña cada obra para a súa comprensión, empregando unha escala do 1 ao 5 na que o 1 corresponde a *Ningunha dificultade* e o 5 a *Moita dificultade*. Xúntanse nunha mesma gráfica os valores obtidos nos oito espectáculos.

Nivel de dificultade	As gardiás ou o nó do tecelán	Neura	As damas de Ferrol	As formas do amor	Tolóptica	O único que verdadeiramente quixen...	Cortello de amor	Desexo	Compañía
1 ningunha	17	22	10	25	8	26	24	27	25
2	5	0	6	3	2	4	1	1	0
3	1	0	4	0	3	0	1	1	1
4	1	0	4	3	4	3	0	0	0
5 moita	2	0	1	1	1	3	1	1	2

Fonte: elaboración propia

### Dificultade para entender as obras




Fonte: elaboración propia

Para a planificación das estratexias de captación de novos públicos para o teatro, resúltanos de interese coñecer de que lugares proceden os espectadores, tanto no ámbito local (parroquias do municipio de Carral), como dos concellos próximos. Aínda que nas enquisas era unha mesma pregunta, trataremos separadamente os datos das parroquias e dos concellos:

Procedencia dos espectadores (parroquias)	
Tabeaio	53
Paleo - Carral	49
Cañás	8
Sergude	4
San Vicente de Vigo	4
Sumio	1
Quembre	7
Beira	4


Fonte: elaboración propia

### Procedencia dos espectadores (parroquias)



Fonte: elaboración propia

No mapa do municipio de Carral salientamos o emprazamento do Local Xente Nova no que se desenvolve o ciclo teatral por se pode resultar útil valorar a súa situación xeográfica dentro do concello.




Fonte: elaboración propia

Extraemos das enquisas os datos de espectadores que se achegaron desde outros concellos da área metropolitana da Coruña:


Procedencia dos espectadores (concellos)	
A Coruña	15
Culleredo	6
Cambre	26
Abegondo	39
Oleiros	4
Arteixo	3
Cerceda	15
Outros	4

Fonte: elaboración propia



Fonte: elaboración propia

Podemos visualizar nun mapa da comarca das Mariñas e Cerceda o resultado da agrupación destes datos.




Fonte: elaboración propia



Para o deseño das estratexias comunicativas resulta de moito interese coñecer cales son as canles principais polas que os espectadores coñecen a programación do ciclo. Das respostas que nos deron a esa pregunta, demóstrase como o máis usado o Whatsapp Novas Carral.

<b>Procedencia dos espectadores (concellos)</b>	
Cartel	49
Facebook	27
Instagram	10
Whatsapp Novas Carral	93
Web Concello	16
Prensa	7
Amizade/familiar	79

Fonte: elaboración propia




Fonte: elaboración propia

Esta avaliación debe servir, entre outras intencións, para corrixir aspectos que permitan ao público ter as mellores condicións posibles para o goce das obras. Pregúntámoslles sobre eses aspectos e os resultados son os seguintes:

Factores a corrixir na función	
Acústica	54
Visibilidade	91
Cadeiras	118
Temperatura	49
Accesibilidade	9
Persoal	4
Actitude espectadores	9
Ningún	61

Fonte: elaboración propia



Fonte: elaboración propia



A concellería de Cultura do Concello de Carral, no seu sistema de avaliación da programación municipal cultural, ten establecidos uns criterios para a valoración do aspecto de igualdade de xénero, outorgando a cada actividade ou espectáculo unha cualificación segundo os seguintes parámetros:


- **A:** Sen presenza da muller en ningunha faceta salientable da obra.
- **B:** Presenza feminina nalgunha faceta visible da obra (elenco) e texto respectuoso coa muller.
- **C:** Presenza feminina en varias facetas da obra e texto que promova a figura da muller.
- **D:** Presenza maioritaria da muller nas principais facetas da obra (texto, dirección, elenco, técnica...) e texto que promova a figura da muller.

Con estas variables, o programador asignou a seguinte clasificación ás obras do ciclo:

Clasificación por igualdade de xénero	
As gardiás ou o nó do tecelán	D
Neura	B
As damas de Ferrol	C
As formas do amor	B
Tolóptica	B
O único que verdadeiramente quixen toda...	D
Cortello de amor	C
Desexo	C
Compañía	A

Fonte: elaboración propia

### Clasificación por igualdade de xénero



Fonte: elaboración propia

As enquisas en liña contaban con dúas partes. A primeira preguntaba sobre os aspectos directamente relacionadas co espectáculo que acababan de desfrutar e a segunda parte atendía a cuestións vencelladas cos hábitos de consumo de teatro. A segunda parte do cuestionario só debía ser atendido nunha única ocasión. **85 persoas atenderon a segunda parte da enquisa.**




Comezamos preguntando sobre o día da semana que prefiren para asistir ao teatro. As conclusións desta pregunta hai que tomalas con precaución porque llo estamos a preguntar a quen xa asiste os venres.

<b>Día da semana idóneo para ir ao teatro</b>	
<b>Día</b>	<b>Suma</b>
Xoves	4
Venres	79
Sábado	30
Domingo	9

Fonte: elaboración propia

### Día da semana idóneo para ir ao teatro




Fonte: elaboración propia

Sobre a hora preferida para o inicio das funcións, as respostas foron as seguintes:

Hora preferida para inicio das obras	
Hora	Suma
20:00 h	27
20:30 h.	62
21:00 h.	27
21:30 h.	7

Fonte: elaboración propia

### Hora preferida para inicio das obras




Fonte: elaboración propia

Preguntouse tamén sobre con quen asiste de cotío ao teatro:

Con quen asiste ao teatro	
Opcións	Suma
Só/soa	4
En parella	38
En familia	18
Con amizades	25

Fonte: elaboración propia




Fonte: elaboración propia

Existen diversos factores que inflúen no público para asistir a unha función de teatro. Preguntámoslle sobre eles:

Factores que inflúen para asistir a un espectáculo	
Opcións	Suma
A compañía teatral	23
Actores	12
Xénero	34
Temática da obra	45
Día e hora	40
Proximidade do recinto	23
Recinto	3
Acceso	3
Hostelería	0
Recomendacións	13
€ entrada	12
Outros	2

Fonte: elaboración propia




Fonte: elaboración propia

Coa finalidade de coñecer no público as súas preferencias nas artes escénicas, o cuestionario incluía unha pregunta sobre a que outro tipo de espectáculos asistiron no último ano. As respostas expresan os resultados da seguinte táboa e gráfica de barras:

Outro tipo de espectáculos aos asistiu	
Opcións	Suma
Teatro infantil	12
Teatro musical	16
Danza	16
Maxia	10
Novo circo	8
Monólogo	60
Performance	15
Outro	4

Fonte: elaboración propia

### Outro tipo de espectáculos aos que asistiu




Fonte: elaboración propia

Á pregunta “Cantas veces ao ano vai ao teatro durante o ano?”, obtivéronse as seguintes respostas:

Cantas veces ao ano vai ao teatro	
Opcións	Suma
Entre 1-3	13
Entre 4-5	17
Entre 6-10	22
Máis de 10	33

Fonte: elaboración propia




Fonte: elaboración propia

Plantexámoslle se nos últimos anos aumentou o seu interese polo teatro. A continuación presentamos os resultados:

<b>Aumentou o seu interese polo teatro</b>	
<b>Opcións</b>	<b>Suma</b>
Si	79
Non	7

Fonte: elaboración propia

### Aumentou o seu interese polo teatro




Fonte: elaboración propia

Para coñecer a que outros municipios se despraza o noso público para gozar do teatro, formulámoslle a pregunta que nos deu os seguintes resultados:

<b>Outros municipios aos que asiste ao teatro</b>	
<b>Opcións</b>	<b>Suma</b>
A Coruña	66
Cambre	14
Culleredo	27
Abegondo	13
Arteixo	19
Oleiros	16
Sada	13
Betanzos	20
Santiago	33
Narón	1
Ordes	1
Laracha	0
Carballo	4
Ningún	2

Fonte: elaboración propia

### Outras localidades ás que asiste a ver teatro




Fonte: elaboración propia

Pedísmolle a opinión sobre os motivos que consideran que inflúen nas persoas que non asisten a espectáculos de teatro.

Motivos que outras persoas teñen para non ir ao teatro	
Opcións	Suma
Pensan que é aburrido	30
Descoñecen a oferta próxima	31
Pensan que é elitista	7
Dificultades para desprazarse	4
Dificultades económicas	3
Non queren dedicarlle tempo	23
Dificultades para conciliar	12
Descoñece os motivos	21
Outros compromisos	0

Fonte: elaboración propia

### Motivos que outras persoas teñen para non ir ao teatro




Fonte: elaboración propia

Lanzouse a pregunta para que os espectadores que atenderon a enquisa deran suxestións para mellorar a programación de teatro en Carral.

Que facer para mellorar a programación de teatro en Carral	
Opcións	Suma
Repartir a oferta ao longo do ano	35
Incluindo Danza	8
Incluindo Maxia	10
Incluindo Circo	2
Mellorando as instalacións	31
Dispoñendo dun auditorio	47
Programando teatro de fóra de Galicia	3
Aumentando nº de teatro infantil	3
Programando máis comedia	25
Incluindo máis teatro contemporáneo	7
Incluindo máis teatro afeccionado	12

Fonte: elaboración propia




Fonte: elaboración propia

Rematamos a avaliación coas respostas a tres preguntas sobre o ciclo Teatro de Outono de Carral, para coñecer a súa percepción sobre a calidade desta programación, sobre os aspectos de sustentabilidade e igualdade de xénero, e sobre se consideran oportuno pagar entrada polos espectáculos do ciclo.

Valoración da calidade de Teatro de Outono de Carral	
Opcións	Suma
1 Sen calidade	0
2	1
3	2
4	39
5 Moita	37

Fonte: elaboración propia

### Calidade de Teatro de Outono de Carral




Fonte: elaboración propia

Cre que se debe pagar entrada en Teatro de Outono	
Opcións	Suma
Si	33
Non	28
NS/NC	24

Fonte: elaboración propia

### Cre que se debe pagar en Teatro de Outono



Fonte: elaboración propia

## CONCLUSIÓNS

Sobre os datos antes presentados e sobre a observación do proceso de recompilación das consideración dos espectadores, podemos tirar algunhas conclusións:

- **Percibimos que a participación do público na avaliación deste programa teatral produce nel entusiasmo e implicación, anima a crítica, agudiza a percepción dos diferentes aspectos teatrais e facilita a relación entre responsables e beneficiarios da programación.**
- Na asistencia de público por sexo **mantense a proporción de 2/3 de mulleres e 1/3 de homes**, habitual na maior parte da oferta cultural.
- Despois dun crecemento na asistencia do público durante 3 anos consecutivos a partir do ano da pandemia, **acúmulanse agora 2 temporadas con descenso na media de asistencia**. A media neste ciclo foi de 84 espectadores.
- Ao igual que en programacións anteriores, **mantense o grupo de idade de entre os 41 e 65 anos como o maioritario a responder os cuestionarios**, o que se corresponde coa mesma proporción dos grupos de idade dos espectadores.
- **A media das puntuacións ás obras foi alta -4,5 puntos-**. No ano 2024 a media fora de 4,7 puntos, o cal supón unha leve caída. A maior parte das funcións reciben tamén un alto índice cando responden se as recomendarían a outras persoas.
- **A interpretación de actores e actrices segue a ser o aspecto que mellor puntúa o público**, seguido do texto das obras.
- Os principais **factores a corrixir** nas representacións son, por esta orde, a **comodidade das cadeiras, a visibilidade do escenario, a acústica e a temperatura da sala**.
- **A procedencia dos espectadores, cando nos referimos ao eido local, seguen sendo as contornas urbanas e máis próximas**, sendo moi pobres os niveis de asistencia desde as parroquias rurais.
- Na observación da procedencia desde outros concellos, **é o veciño Abegondo o que máis espectadores achega**, seguido de Cambre, Cerceda e Culleredo.
- Na comunicación **o medio máis eficaz é a canle de Whatsapp Novas Carral**, seguido dos comentarios que fan familiares ou amizades.
- **O venres é o día maioritariamente preferido para ir ao teatro**. Teñamos en conta nesta conclusión que obtémola de respostas de persoas que asistiron maioritariamente un venres ao teatro.
- **A hora preferida pola maioría para ir ao teatro é as 20:30 h**. Facemos a mesma advertencia que no punto anterior sobre o resultado desta conclusión.
- Para ir ao teatro os espectadores **prefiren facelo en parella**.
- **O factor que máis determina a decisión para escoller asistir ao teatro é o xénero**, seguido do día e hora da proposta, da compañía teatral e do elenco.

- Ao igual que nas respostas en avaliacións de anos anteriores, os monólogos *stand up* son, con diferenza dabondo con outros tipos de xéneros, a alternativa máis escollida polo público para asistir a un espectáculo de artes escénicas diferente ao teatro.
- **Unha parte moi maioritaria do público indica un aumento do seu interese polo teatro.**
- Cando os nosos espectadores se desprazan a outros concellos **para asistir ao teatro, fano maioritariamente á Coruña e en segundo lugar a Santiago.**
- A opinión do público sobre os motivos que cren que teñen outras persoas para non desfrutar do teatro é que **descoñecen a oferta próxima, que pensan que é aburrido ou que non queren dedicarlle tempo a este tipo de lecer.**
- Para mellorar a programación de teatro en Carral as persoas que contestaron as enquisas salientan **a necesidade dun auditorio, seguido de repartir a oferta ao longo do ano, mellorar as instalacións e programar máis comedia.**
- O público concédelle unha **puntuación entre alta e moi alta** ao ciclo Teatro de Outono de Carral.
- **É maioritaria a opinión de cobrar entrada** nos espectáculos deste ciclo teatral.



## ANEXOS (FICHAS DE AVALIACIÓN POR ESPECTÁCULO)

Nas seguintes páxinas achéganse as fichas de avaliación por espectáculo confeccionadas cos resultados dos cuestionarios atendidos polos espectadores.

# AVALIACIÓN

## Ciclo Teatro de Outono de Carral 2025




Obra: **As gardiás ou o nó do tecelán**

Compañía: **Teatro de Ningures**


Data: 3 de outubro de 2025

Nº de asistentes: 79 // Nº cuestionarios contestados: 26 // % respostas/asistencia: 32,9 %

Xéneros de quen contestou a enquisa




Idades das persoas que contestaron o cuestionario




### Puntuación promedio concedida polo público (máximo 5): **4,5**


Recomendaría a obra a amizades ou familiares:




Aspectos que máis gustaron da obra:



Dificultade para entender a obra



Como coñeceu a programación da obra:



## AVALIACIÓN

### Ciclo Teatro de Outono de Carral 2025




Obra: *As gardiás ou o nó do tecelán*


Compañía: **Teatro de Ningures**

Data: 3 de outubro de 2025

Lugar de procedencia



Factores a corrixir na función



Comentarios de persoas que atenderon o cuestionario (mantense a literalidade dos comentarios):

- Vai sendo hora de facer algo!
- Gustoume que todo xira entorno ó coidado pero centrándose máis sobre os que coidan que no necesitado. Vexo moito a TVG, pero costoume 45 min - 1 h recoñecer a Rebeca Montero. Incrible transformación da voz "avelloada" e aspecto físico. Tiver que buscar o elenco para identificala.
- Pouco sonido nos actores. Deberían ter algo de altavoz.
- Carral precisa dun auditorio para poder disfrutar de obras tan boas coma esta
- Gustaríame ter a oportunidade de falar da obra antes/despois da representación cos actores/técnicos...para coñecer as compañías de teatro galego e o traballo que fan. Moitas grazas por dar a oportunidade de ver teatro en galego e gratis!

# AVALIACIÓN

## Ciclo Teatro de Outono de Carral 2025




Obra: **Neura**

Compañía: **De Ste Xeito Producións**


Data: 10 de outubro de 2025

Nº de asistentes: 91 // Nº cuestionarios contestados: 22 // % respostas/asistencia: 24,2 %

Xéneros de quen contestou a enquisa




Idades das persoas que contestaron o cuestionario




### Puntuación promedio concedida polo público (máximo 5): **4,9**


Recomendaría a obra a amizades ou familiares:




Aspectos que máis gustaron da obra:



Dificultade para entender a obra



Como coñeceu a programación da obra:



# AVALIACIÓN

## Ciclo Teatro de Outono de Carral 2025




Obra: **Neura**


Compañía: **De Ste Xeito Producións**

Data: 10 de outubro de 2025

Lugar de procedencia



Factores a corrixir na función



Comentarios de persoas que atenderon o cuestionario (mantense a literalidade dos comentarios):

- Moi divertido e orixinal. A escenificación xenial.
- Gracias por este ciclo.
- Non seisse vieñen a Unha obra ou a mirarme un espello! Marcho que teño que marchar.
- Está muy ben e un a terapia.
- Me gustou moito porque me fixo rir e muy necesario.

# AVALIACIÓN

## Ciclo Teatro de Outono de Carral 2025




Obra: **As damas de Ferrol**

Compañía: **Teatro do Noroeste**


Data: 17 de outubro de 2025

Nº de asistentes: 103 // Nº cuestionarios contestados: 25 // % respostas/asistencia: 24,3 %

Xéneros de quen contestou a enquisa




Idades das persoas que contestaron o cuestionario




### Puntuación promedio concedida polo público (máximo 5): **4,3**


Recomendaría a obra a amizades ou familiares:




Aspectos que máis gustaron da obra:



Dificultade para entender a obra



Como coñeceu a programación da obra:



# A VALIACIÓN

## Ciclo Teatro de Outono de Carral 2025




Obra: **As damas de Ferrol**


Compañía: **Teatro do Noroeste**

Data: 17 de outubro de 2025

Lugar de procedencia



Factores a corrixir na función



Comentarios de persoas que atenderon o cuestionario (mantense a literalidade dos comentarios):

- Buena iniciativa cultural que espero sea por mucho tiempo
- Eu acortaría un pouco a obra en canto a tempo se refiere. E interesante e moi ben fiada, actrices de 10..cun texto impecable, pero larga d mais..e a única pega. Grazas polo traballo.

# AVALIACIÓN

## Ciclo Teatro de Outono de Carral 2025




Obra: **As formas do amor**

Compañía: **Verdeveras expresións Artísticas**


Data: 24 de outubro de 2025

Nº de asistentes: 104 // Nº cuestionarios contestados: 32 // % respostas/asistencia: 30,8 %

Xéneros de quen contestou a enquisa




Idades das persoas que contestaron o cuestionario




**Puntuación promedio concedida polo público (máximo 5): 4,7**


Recomendaría a obra a amizades ou familiares:




Aspectos que máis gustaron da obra:



Dificultade para entender a obra



Como coñeceu a programación da obra:



# A VALIACIÓN

## Ciclo Teatro de Outono de Carral 2025




Obra: **As formas do amor**


Compañía: **Verdeveras expresións Artísticas**

Data: 24 de outubro de 2025

Lugar de procedencia



Factores a corrixir na función



Comentarios de persoas que atenderon o cuestionario (mantense a literalidade dos comentarios):

- Necesitamos un auditorio
- Dada a afluencia de público, estaría ben ter un local mais apropiado (un teatro...)
- Moi bo e moi recomendable mesmo para público adolescente. Os actores xeniais! Graciñas por facernos desfrutar co teatro e axudarnos a desconectar do día a día! Volveremos!
- Facer mais obras e mais veces o ano, é xenial
- Que ben cantaban. Para min resultou extraordinaria.
- Sempre se indica antes de comezar a obra que se apaguen os teléfonos, e sempre soan... Eu faría aínda máis forza neste e suxeriría que se a persoa non sabe poñelo en modo avión que pida axuda ou algo así, soe pasarlle a persoas maiores e quero crer que è porque non saben.
- Moitas gracias polo teu traballo e implicación. Por achegar a cultura dun xeito accesible a todo o mundo, en galego, e por ter en conta a opinión do público. É un luxo ter este ciclo de teatro ao lado da casa.

# AVALIACIÓN

## Ciclo Teatro de Outono de Carral 2025




Obra: **Tolóptica**

Compañía: **Código Azul**


Data: 31 de outubro de 2025

Nº de asistentes: 49 // Nº cuestionarios contestados: 18 // % respostas/asistencia: 36,7 %

Xéneros de quen contestou a enquisa




Idades das persoas que contestaron o cuestionario




**Puntuación promedio concedida polo público (máximo 5): 3,9**


Recomendaría a obra a amigos ou familiares:




Aspectos que máis gustaron da obra:



Dificultade para entender a obra



Como coñeceu a programación da obra:



# AVALIACIÓN

## Ciclo Teatro de Outono de Carral 2025




Obra: **Tolóptica**


Compañía: **Código Azul**

Data: 31 de outubro de 2025

Lugar de procedencia



Factores a corrixir na función



Comentarios de persoas que atenderon o cuestionario (mantense a literalidade dos comentarios):

- Q necesario e ter tino da cabesinha
- Eran os mais cordos de toda a sala!
- Máis claridade argumental do texto. Cun texto cun fío argumental máis sinxelo; definido.
- Mellorar o tono e vocalizacion das personaxes no escenario. As veces o tono era demasiado alto, case grito, e a fala rápida, o que dificultaba algo a comprensión
- Me resultou un pouco pesada
- Estades a facer un muy bon traballo
- Gustoume a mensaxe a transmitir
- Estades a facer un moi bo traballo. Ogallá vos copien outros concellos (como o meu, por exemplo). Apertas grandes!

# AVALIACIÓN

## Ciclo Teatro de Outono de Carral 2025




Obra: ***O único que verdadeiramente sempre quixen é ser delgada***

Compañía: **Butacazero**


Data: 7 de novembro de 2025

Nº de asistentes: 98 // Nº cuestionarios contestados: 36 // % respostas/asistencia: 36,7 %

Xéneros de quen contestou a enquisa




Idades das persoas que contestaron o cuestionario




### Puntuación promedio concedida polo público (máximo 5): **4,4**


Recomendaría a obra a amigos ou familiares:




Aspectos que máis gustaron da obra:



Dificultade para entender a obra



Como coñeceu a programación da obra:



## AVALIACIÓN

### Ciclo Teatro de Outono de Carral 2025




Obra: ***O único que verdadeiramente sempre quixen é ser delgada***


Compañía: **Butacazero**

Data: 7 de novembro de 2025

Lugar de procedencia



Factores a corrixir na función



Comentarios de persoas que atenderon o cuestionario (mantense a literalidade dos comentarios):

- Faltou o burka pos jordos E pa ignorancia en xeral. E a distancia qu tuvo a gente coa actriz despois de rematada a obra. Non a actriz coa xente. PARABENS , ¡valeu a pena! Alegreime de volver a escoitar a un artista do son. Nota: cerró día gustoulle un timbre de voz e pediu permiso para quedarse con el.
- ¡Increible, espectacular! ¡Genial!
- Cambiar a distribución das cadeiras
- Creo que solo se sintió agredido aquel que tiene algo que tapar. Obra cruda y real, tan obscena como fantástica.

# AVALIACIÓN

## Ciclo Teatro de Outono de Carral 2025




Obra: **Cortello de amor**

Compañía: **Amorodio Teatro**


Data: 14 de novembro de 2025

Nº de asistentes: 85 // Nº cuestionarios contestados: 27 // % respostas/asistencia: 31,8 %

Xéneros de quen contestou a enquisa




Idades das persoas que contestaron o cuestionario




**Puntuación promedio concedida polo público (máximo 5): 4,9**


Recomendaría a obra a amizades ou familiares:




Aspectos que máis gustaron da obra:



Dificultade para entender a obra



Como coñeceu a programación da obra:



## A VALIACIÓN

### Ciclo Teatro de Outono de Carral 2025




Obra: **Cortello de amor**


Compañía: **Amorodio Teatro**

Data: 14 de novembro de 2025

Lugar de procedencia



Factores a corrixir na función



Comentarios de persoas que atenderon o cuestionario (mantense a literalidade dos comentarios):

- É de agradecer o traballo que están a facer para achegar a cultura e o divertimento desde xeito. Grazas
- Espectacular actuación dos artistas.
- Fai falla un auditorio para poder disfrutar dos espectáculos tanto os actores como os espectadores e cobrar unha entrada mínima para que vai a velo só que o queira ver
- Compañía graciosa. Actores ben simpáticos
- Totalmente realista.
- Agradecer o concello o apoio a Compañías de nova creación. A calidade dos artistas.
- Que veña máis veces esta compañía de teatro. Son ben paveros. Unha obra ben simpática

# AVALIACIÓN

## Ciclo Teatro de Outono de Carral 2025




Obra: **DeseXo**

Compañía: **Talía Teatro**


Data: 21 de novembro de 2025

Nº de asistentes: 94 // Nº cuestionarios contestados: 30 // % respostas/asistencia: 31,9 %

Xéneros de quen contestou a enquisa




Idades das persoas que contestaron o cuestionario




**Puntuación promedio concedida polo público (máximo 5): 4,5**


Recomendaría a obra a amizades ou familiares:




Aspectos que máis gustaron da obra:



Dificultade para entender a obra



Como coñeceu a programación da obra:



# AVALIACIÓN

## Ciclo Teatro de Outono de Carral 2025




Obra: **DeseXo**


Compañía: **Talía Teatro**

Data: 21 de novembro de 2025

Lugar de procedencia



Factores a corrixir na función



Comentarios de persoas que atenderon o cuestionario (mantense a literalidade dos comentarios):

- Recomendable sobre todo adolescentes. Moitas gracias por ó traballo.
- Gustoume
- Noraboa pola proposta cultural
- Muy buenos. "Gracias"
- Moi boa programación. Noraboa polo traballo e o esforzo

# AVALIACIÓN

## Ciclo Teatro de Outono de Carral 2025




Obra: **Compañía**

Compañía: **Xampatito Pato**


Data: 28 de novembro de 2025

Nº de asistentes: 51 // Nº cuestionarios contestados: 28 // % respostas/asistencia: 54,9 %

Xéneros de quen contestou a enquisa




Idades das persoas que contestaron o cuestionario




**Puntuación promedio concedida polo público (máximo 5): 4,8**


Recomendaría a obra a amizades ou familiares:




Aspectos que máis gustaron da obra:



Dificultade para entender a obra



Como coñeceu a programación da obra:



# AVALIACIÓN

## Ciclo Teatro de Outono de Carral 2025




Obra: **Compañía**


Compañía: **Xampatito Pato**

Data: 28 de novembro de 2025

Lugar de procedencia



Factores a corrixir na función



Comentarios de persoas que atenderon o cuestionario (mantense a literalidade dos comentarios):

- Que estivo estupendo
- Locura linda. Gracias por repartir magia y locura de la buena.
- Encantoume
- Grazas!
- Fíxome rir moitísimo. O actor é moi simpático.
- moi agradecida de poder disfrutar do teatro
- Fue increíble. Original, entretenido. Una puesta en escena que atrapa la atención desde el principio.
- Foi maravilloso